

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O FOMENTO DE VOCACIÓNS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS NA COSTA DA MORTE.

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2020.

R E U N I D O S

O Sr. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016 (DOG nº 217, do 14 de novembro), actuando en nome e representación da Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

O Sr. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO, Presidente da Fundación Eduardo Pondal (en diante FEP), en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 18 dos correspondentes estatutos da devandita fundación.

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da

Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO.-

Que a difusión e divulgación da ciencia e a innovación é un elemento esencial para fomentar vocacións científicas e tecnolóxicas entre os mozos e mozas. GAIN co fin de potenciar o espírito científico, tecnolóxico e innovador considera prioritario a difusión e divulgación da ciencia, a tecnoloxía e a innovación entre os estudantes para aumentar as vocacións científico-tecnolóxicas promovendo a carreira do investigador e tecnólogo como unha saída laboral e para dinamizar o interese cara novas figuras profesionais relacionadas con necesidades como a xestión da innovación.

Neste sentido concíbese a difusión e divulgación da I+D+i como unha tarefa transversal con obxectivos como:

- Proxectar a investigación e a súa valorización, proxectar a innovación, como unha forma de responsabilidade social corporativa, como un modo de concretar eficientemente estratexias corporativas e como unha forma competente de encarar o desenvolvemento profesional.
- Potenciar unha cultura da innovación eficiente, tolerante ao fracaso emprendedor e con capacidade de recoñecemento para con aqueles que arriscan desde a innovación e o emprendemento.
- Establecer accións continuadas para a sensibilización social da importancia da investigación, a ciencia, a tecnoloxía, o desenvolvemento e a innovación teñen para as sociedades avanzadas.

Neste sentido, xerar interese pola ciencia, espertar vocacións investigadoras, facer pedagogía da valorización ou proxectar boas prácticas de innovación son aspectos fundamentais dunha política de I+D+i que quere desenvolver un cambio cultural respecto da ciencia e da innovación, situándoas como alicerces determinantes do futuro colectivo.

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, define como obxectivo transversal o impulso da cultura da innovación tendo como fins, entre outros, o fomento da innovación dos principais actores dos sectores impulsando o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que melloren a súa competitividade exterior e incrementen o valor engadido dos produtos e servizos que ofrecen no mercado e o posicionamento da Administración como elemento tractor da creación dunha cultura innovadora en toda a sociedade e da promoción da incorporación de innovacións no mercado.

TERCEIRO.-

Que a FEP, ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, e o seu patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Segundo o artigo 6 dos seus estatutos, a FEP ten por obxecto promover e divulgar a obra do escritor local e de proxección galega, don Eduardo Pondal Abente, e a cultura galega en xeral, nos seu máis diversos aspectos e en todas as facetas da cultura universal que incidan no patrimonio cultural de Galicia.

CUARTO.-

Que FEP conta con varios recoñecementos, entre os que destaca o da Real Academia Galega, o Premio Rosalía de Castro e o Premio da Cultura Galega.

Que a FEP a parte de promover e divulgar a figura de Eduardo Pondal organiza obradoiros, concertos, seminarios entre outras actividades para promocionar, dinamizar e difundir a cultura e a lingua galega.

QUINTO.-

Que a I+D+i é un dos factores clave para xerar tecido industrial e aumentar a competitividade das empresas e neste punto é decisivo o fomento de vocacións científicas entre os mozos e mozas como futuros responsables do desenvolvemento económico e social de Galicia.

A comarca da Costa da Morte, onde se atopan os 19 municipios situados no extremo occidental da provincia da Coruña, ven padecendo un déficit importante no desenvolvemento do seu tecido industrial, o que se está traducindo nunha perda importante de poboación, riqueza e emprego.

Neste contexto é decisivo o fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas entre os estudantes da zona por ser os piares do futuro da Costa da Morte, poñendo a súa disposición oportunidades de aprendizaxe e coñecemento no ámbito da ciencia e da tecnoloxía sen ter que desprazarse as cidades.

SEXTO.-

Que nunha sociedade cada vez máis dependente do coñecemento e a investigación, faise necesario ofrecer aos estudantes das zonas rurais oportunidades de aprendizaxe que lles permitan acadar unha formación sen ter que desprazarse as grandes cidades.

Se analizamos os principais estudos internacionais sobre a calidade educativa, poderemos observar rapidamente que existe un déficit moi marcado nos aprendizaxes coñecidos como STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e que son considerados imprescindibles para o futuro profesional dos alumnos.

Para suplir este déficit, a FEP propón continuar a acción piloto na que os estudantes da Costa da Morte poidan acceder a unha formación complementaria a que levan a cabo nos centros de ensinanza, co fin de fomentar a cultura científica.

É intención de GAIN continuar a colaboración coa FEP, iniciada coa sinatura dos convenios dos anos 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019 no financiamento de actividades para o fomento das vocacións científico e tecnolóxicas na Costa da Morte para o ano 2020.

Preténdese crear unha dinámica que posteriormente se estenda aos centros educativos e permita que os alumnos poidan desenvolver plenamente todas as súas capacidades.

SÉTIMO.-

Que a Axencia Galega de Innovación, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar á FEP no desenvolvemento das actividades do expoñendo anterior por ser iniciativas de difusión e divulgación científico-técnica, na medida en que, a efectos do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, as devanditas actividades responden a un interese xeral de concienciar ao conxunto da sociedade galega sobre a importancia da I+D+i no desenvolvemento económico e no benestar social de Galicia.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio con arreglo ás seguintes,

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Eduardo Pondal para a organización dunha actividade educativa orientada a ofrecer aos estudantes da Costa da Morte a oportunidade de iniciarse no mundo da investigación.

O obxectivo é que os estudantes da Costa da Morte, tras un breve período de formación, desenvolvan un traballo de investigación. Con esta actividade se busca ofrecer aos alumnos a posibilidade de adquirir coñecementos adicionais aos que reciben no ensino regrado, fomentando así as vocacións científico tecnolóxicas.

Como anexo I ao convenio, recóllese a descrición das actividades obxecto do mesmo.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

- De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite de

xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA. – Condicións económicas

- As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 18.000 euros, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.480.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.
- A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - Que o contrato se subscriba por escrito.
 - Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.
- Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEP poderá subcontratar o 100% dos gastos subvencionados ao abeiro do presente convenio, respectando ao efecto os límites establecidos no punto 7 do citado artigo no que se indica que en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:
 - Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta Lei.
 - Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

- Intermediarios ou asesores nos que nos pagos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
 - Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias: 1) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado; 2) Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas normas reguladoras
 - Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.
- No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán achegarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa .
- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 , do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requerida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

CUARTA. – Compromisos

A FEP comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- No caso de cesión de datos cumprir as esixencias da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización dos seus correspondentes logotipos identificativos.

QUINTA. – Condicións de pagamento.

Conforme ao estipulado no artigo 60 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación, efectuará o pagamento da cantidade estipulada no convenio a FEP, unha vez comprobada a realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada pola Fundación, conforme o sinalado a continuación:

	ANO 2020
Orzamento total	18.000 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2020 31/10/2020
Data límite presentación documentación xustificativa	02/11/2020

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores o 10% da previsión inicial recollido no Anexo. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición da Fundación Eduardo Pondal e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, poderá autorizarse un anticipo de ata 9.000 € de acordo co estipulado no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

A realización dos anticipados, está exenta da constitución de garantías por parte da FEP de acordo co artigo 65.4 i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA. – Forma de xustificación.

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e con arreglo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, a FEP deberá presentar:

1. Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas, na que conste como mínimo os datos relativos a realización das aulas de investigación, as actividades de investigación realizadas polos alumnos, xustificación da participación en feiras e concursos nacionais e internacionais, ...
2. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o número de factura, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
3. Documentación acreditativa da realización do 100% do investimento ou gasto, que consistirá en orixinal e unha copia das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas irán acompañadas do documento que xustifique o correspondente pagamento (co IVE detallado).
4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a FEP.

Así mesmo, deberá presentar:

5. Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Declaración de non ter solicitado ni concedido outras axudas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

7. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, a Axencia Galega de Innovación, minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio e, así mesmo, resérvase o dereito de solicitar a documentación que considere precisa en relación coa xustificación de gastos.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas.

A subvención concedida será incompatible con outras subvencións concedidas para os mesmos conceptos especificados no Anexo I, xa que se financian o 100% das actividades obxecto do convenio

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscripción do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Axencia Galega de Innovación, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes da FEP, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento dos obxectivos do convenio.
- Proponer as medidas necesarias para garantir o cumprimento do convenio.

- Propoñer á Axencia Galega de Innovación variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento do Anexo que supoñan minoracións en algún dos conceptos de gasto superiores ao 10% para adecualos á execución do convenio, sempre e cando non supoñan un incremento do importe total do convenio.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir.

A comisión reunirse cantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- Interpretación

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo, e no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2020.

DUODÉCIMA.- Alteración das actuacións.

1. Aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os conceptos de gasto que non supoñan minoracións en ningún deles superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos subvencionables. A petición

da Fundación Eduardo Pondal e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os importes asignados a cada dos conceptos subvencionables, sempre que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista total.

2. Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas nos parágrafos anteriores, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola Fundación Eduardo Pondal ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución do convenio.

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- A alteración das accións a realizar sen autorización da Axencia Galega de Innovación.
- A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
- O acordo mutuo entre as partes.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Fundación Eduardo Pondal

Francisco José Conde López

Xosé Lois García Carballido

ANEXO I

ACTIVIDADES

Trátase da organización dunha actividade educativa orientada a ofrecer aos xóvenes da Costa da Morte a oportunidade de iniciarse no mundo da investigación.

No próximo curso, para dar aos alumnos unha formación o máis ampla posible, dividiranse as xornadas ao redor de dous grandes eixos temáticos. Investigación científica e Programación e robótica. Así, cada mes os alumnos terán dúas xornadas de cada un dos contidos.

Non ten sentido facer proxectos de investigación sen coñecer primeiro as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento. Tanto os proxectos científicos como tecnolóxicos requiren capacitación previa.

Dadas as diferenzas de idades entre os alumnos e as súas bases de coñecementos, traballarase de xeito diferenciado cos nenos menores de 14 anos. En ambos os dous casos, a estrutura terá dúas fases.

FASE 1

- Menores de 14 anos.

Posto que o concepto investigación pode resultar abstracto e difuso, as primeiras semanas resolverán preguntas cotiás aplicando o método científico e redactarán un informe da pequena investigación.

- Maiores de 14 anos.

Os alumnos de maior idade iniciarán o seu aprendizaxe realizando algún protocolo de laboratorio e algunhas experiencias tecnolóxicas que lles permitan aprender as destrezas necesarias para a realización de proxectos propios.

Dado que tamén necesitarán uns coñecementos teóricos, a primeira media hora de cada xornada de traballo terán unha “clase” na que aprenderán a través de actividades e desafíos intelectuais os aspectos teóricos que serán imprescindibles para poder traballar nun futuro próximo con autonomía.



FASE 2

Nesta segunda fase, os alumnos desenvolverán proxectos propios. Ditos proxectos serán levados a cabo en equipos de máximo dúas-tres persoas (porque si se queren presentar a Galiciencia o límite é dous estudantes por traballo).

Evidentemente, a disparidade de idade implica un enfoque do traballo diferenciado. As principais diferenzas a nivel pedagóxico serían:

- Alumnos ata 12 anos:
 - Pequenos proxectos que se podan levar a cabo nun máximo dunha cuarta parte.
 - Traballo planificado pola facultade e seguindo un protocolo detallado.
 - Mellorar a súa curiosidade natural.
 - Organización periódica de xogos de desafío de coñecemento para intercalar días máis lúdicos cos de traballo nos seus proxectos.
 - Seguimento continuo da realización de proxectos por parte do profesorado
 - Iniciación á presentación oral de proxectos.
- Alumnos maiores de 12 anos:
 - Proxectos de calquera ámbito de coñecemento do seu interese e orientados a súa posterior presentación a feiras e concursos.
 - A temática definitiva dos traballos pode xurdir das súas ideas ou das propostas presentadas polo profesorado da actividade.
 - Traballar de forma específica a presentación oral dos proxectos. Normalmente esquecese a importancia de ensinar aos alumnos a comunicar correctamente os traballos.

Sen dúbida, a programación e a robótica son dous ámbitos de coñecemento fundamentais. Por unha banda, permiten aos estudantes mellorar o seu razoamento abstracto e computacional, e por outro os achegan a un dos campos con mellores perspectivas laborais nas próximas décadas. Así mesmo, para o desenvolvemento de proxectos científicos faise fundamental o



desenvolvemento de competencias que nos permitan crear sistemas de monitoraxe de datos baseados en tecnolóxicas como Arduino.

A actividade levarase a cabo nas instalacións da Fundación Eduardo Pondal na poboación de Ponteceso, na Aldea so Cura.

ORZAMENTO

Elaboración de contidos, formación, e seguimento individual por alumno e proxecto. Coordinación e tutorización de proxectos para presentación a feiras e concursos científicos. Inclúe: - Dous formadores especializados dúas horas semanais. - Desprazamentos	13.200,00
Coordinación e supervisión educativa	2.800,00
Materiais para a realización dos proxectos.	1.200,00
Traslado dos rapaces a feiras eventos científicos para a presentación de proxectos	800,00
TOTAL	18.000,00